

O uso da interpolación pronominal en galego durante os séculos escuros

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña

RESUMO:

A intercalación de palabras tónicas entre o clítico preverbal e o verbo foi un recurso abondosamente empregado en galego polos autores medievais. A partir do solpor daquela época, sobre os séculos XV-XVI, mingua considerabelmente o seu emprego por parte dos escritores da etapa coñecida como Idade Moderna, tanto no noso país como en Portugal; a súa evidencia máis obvia é a diminución da cantidade e da cualidade dos elementos que, no período trobadoresco, tiñan a posibilidade de se disporen entre o pronome átono e o núcleo verbal. As causas de tal proceso de esmorecemento, que chega inclusive á actualidade, son, na nosa opinión, atribuíbeis ao feito de no galego ser a posición enclítica do pronome a orde non marcada, á circunstancia de esas estruturas seren facultativas e non prescritivas, á potencial dificultade fonética que determinadas construcións poden presentar e, por último, á presión do español, idioma que non posúe este tipo de secuencias morfosintácticas.

Palabras chave: Frecuencia medieval, esmorecemento progresivo, escaso uso actual.

ABSTRACT:

The interposition of stressed words between the pre-verbal clitic and the verb was a widely used resource among medieval Galician writers. From the end of that age onwards, around the 15th and 16th centuries, its use diminished considerably among the writers from the period known as the Modern Age, not only in Galicia, but also in Portugal. The clearest evidence of this process is the reduction of the quantity and quality of elements which, in the troubadour period, could be placed between the unstressed pronoun and the verbal nucleus. In our opinion, the causes of this process of disappearance, which has lasted until the present day, are due to the following facts: firstly, in Galician the enclitic

Data de aceptación: maio de 1999.

position of the pronoun is the non-marked position; secondly, these structures are facultative and not prescriptive; thirdly, the potential phonetic difficulty that may arise in some constructions; and finally, the pressure of Spanish, a language that does not have this kind of morpho-syntactic construction.

Key words: Medieval frequency, progressive disappearance, scarce modern use.

1. INTRODUCCIÓN

Unha das características máis salientábeis do idioma galego, e tamén do portugués, consiste na súa preferencia pola posición enclítica do pronome átono con respecto ao verbo nas oracións principais, de tal modo que este ordenamento de formas se converteu, ao longo da historia, nunha das “particularidades máis interesantes da nosa lingua” (Ferreiro 1995: 249). Mais esta disposición do clítico non é exclusiva, pois tamén son posíbeis ordenamentos de formas en que a partícula pronominal antecede o verbo, aínda que, para sermos precisos, debemos apuntar que estas secuencias marcadas se dan baixo uns condicionamentos específicos non comparábeis, no seu conxunto (subordinación, adverbios subordinantes, contextos enfáticos, etc.), a aqueles que prescriben a colocación en enclise do pronome.

Nestas singulares situacións en que o clítico precede o núcleo verbal poden aparecer ás veces algunhas palabras a afastaren o pronome do seu rexente no interior da cláusula, de xeito que son perfectamente válidos no sistema ambos os enunciados seguintes, o segundo dos cales predomina na oralidade actual: *Eran tan boas que se non queixaban* (Otero Pedrayo, *D*: 94) ~ *Eran tan boas que non se queixaban*. O primeiro dos exemplos mostra unha estrutura morfosintáctica en que se practicou a interpolación pronominal, que definimos como a intercalación dunha ou varias palabras entre o clítico e o verbo; a súa principal característica é seren tónicas ou, polo menos, selo unha das formas que se interpuxeren. O segundo caso correspóndese coa praxe máis habitual dos nosos días e, por este motivo, xulgamos que non merece máis comentarios.

As presentes páxinas teñen como finalidade estudar, baseándonos nos textos galegos conservados dos séculos XVI-XVIII, as secuencias de elementos análogas á primeira estrutura citada máis arriba que se poden documentar nese espacio de tempo para, partindo da Idade Media, aproximármonos ao seu diferente grao de recorrencia e éxito que observamos nos dous períodos cronolóxicos.

2. A INTERPOLACIÓN PRONOMINAL DURANTE A IDADE MODERNA

2.1. O punto de partida: o fenómeno durante o Medievo

Para Melo (1985: 46) unha das características da lingua antiga, entre outras que cita, é a “distancia entre o pronome persoal objecto e o verbo”, acrecentando que aínda se

documenta en Camões malia ser un “autor moderno”, mentres que para Carré Alvarellos (1973: 13), referíndose tamén ao idioma arcaico, tal trazo denota un marcado carácter enxebre. Non resulta difícil comprobar, a este respecto, que a opinión destes estudiosos atopa unha sólida base argumentativa nos textos medievais que chegaron aos nosos días, pois trátase, con certeza, dun recurso morfosintáctico abundantemente utilizado polos escritores daquela: ora se tratar de composicións trobadorescas (*LP*), ora de cantigas relixiosas (Alfonso X, *CSM*) ou, aínda, de prosa literaria (*MS*, *CT*) ou notarial (Maia 1997; Ferro Couselo, *VFD*), atoparemos doadamente algún caso das construcións que nos ocupan.

Das tipoloxías de lingua escrita que vimos de citar é a lírica profana¹ aquela en que se rexistran exemplos en maior número, tal e como xa apuntou Ogando (1980: 282), mentres que a prosa dos notarios, nomeadamente a da derradeira época medieval, proporciona, segundo as nosas propias investigacións, as máis complexas linealidades desta índole (cfr.: *proueytos que lhe Deus nos dictos casaes e suas lauras e perteeças der*, Maia 1997: 263, MA, Vairão, 1454; *que lhys assy os sobreditos Prior e Raçoeiros ã nome da dita Eigreja de Sam Bertholameu escambhadas e pela guisa que suso dito he e declarado ã escambho dadas e outorgadas auyã*, Martins 1994, I: 181, datado en 1383; etc.), aínda que posibelmente tivesen unha improbábel correspondencia na lingua falada².

Pensamos, igualmente, que certas exemplificacións provenientes da poesía trobadoresca dificilmente atoparían un correlato paralelo na oralidade da época e que foron, ao noso ver, rendíbeis en tanto que empregadas polos autores líricos medievais como medios expresivos. Fainos opinar así a documentación que recollemos procedente dalgúns versos, como estes catro casos rexistrados nunha única estrofa: *E sempre m'en mal acharei, / por que lh'enton non perdoei, / ca, se lh'eu perdoass'ali, / nunca s'el partira d'aqui* (Estevan Travanca, *LP*, I: 273-274). Unha proba máis ao respecto témola na variabilidade de posibilidades locacionais na utilización do fenómeno por parte de Johan Airas, quen non dubida en lle facer mudanzas internas ao recurso nunha súa cantiga: *Nunca vos eu, senhor, negarei ren / [...] Nunca vos ren negarei, mia senhor / [...] Nunca vos eu, senhor, ren negarei* (Johan Airas, *LP*, I: 388).

Para rematar esta introdución ao idioma antigo resta falarmos, por último, das palabras³ con capacidade para se inseriren nesta posición, sempre lexitimada por un elemento que rexese ou que, nalgúns casos, como as preposicións, tolerase esa orde (*ca lle non quis eno don falir*, Alfonso X, *CSM*, I: 162; *de o nõ mataren*, *MS*: 147; *hu quer que o ella auia*, Maia 1997:

¹ Con todo, houbo poetas que, polo menos nos textos que nos chegaron, non utilizaron este tipo de secuencias en ningunha das súas cantigas; tal é o caso de Martin Codax (*LP*, II: 609-612) ou de Johan Zorro (*LP*, II: 571-575), en cuxos versos non se rexistran casos do fenómeno.

² Ao noso ver, sen discutirmos que a vitalidade do fenómeno semellaba ser maior nos séculos medievais do que nos posteriores, a lingua oral naquela altura non se caracterizaba pola alta frecuencia de linealidades como algunhas ofrecidas pola prosa notarial do tipo *que me o abbade que pelo tempo for e o conuento d'Oseyra an de facer* (Ferro Couselo, *VFD*: 78), en que a distancia entre o clítico e o núcleo verbal é ampla de máis como para que proliferasen con garantido éxito estas secuencias clausais na fala coloquial da época.

³ Véxase Ogando (1980: 280-282).

222, PO, Oia, 1302; *Pero m'eu leda semelho*, Pero Gonçalves de Portocarreiro, *LP*, II: 856; etc.). É preciso facermos constar que os elementos atestados nun maior número de casos son aqueles que desempeñan funcións sintácticas de suxeito e de CC, predominando, entre todos, os pronomes persoais e o adverbio de negación *non*⁴ con calquera das súas posíbeis graffias (*que a nõ podia mãteer*, *MS*: 38; *grã dapno que uos eu quero contar* *CT*: 215; etc.). Con todo, tamén se documentan outras funcións sintácticas e/ou outras tipoloxías de palabras, aínda que non coa recorrencia das anteriores (*E quen vos a vós esto conselhou*, Johan Airas, *LP*, I: 382; *segundo que o tomado avya*, Ferro Couselo, *VFD*: 694, *OU*, 1434; *por lle leal seer*, Alfonso X, *CSM*, II: 44; *merçee que me uos o dito señor obispo facedes*, Maia 1997: 95, *LU*, 1405; *que o y auya*, Maia 1997: 56, *CO*, Santiago, 1344; *Se lh'al disser*, Airas Carpancho, *LP*, I: 111; *Se m'eu a vós, meu amigu' e meu ben, / non assanhar, dizede-m'ũa ren*, Vasco Fernandez Praga de Sandin, *LP*, II: 940; *Et sse nos uos o que sobre dito est nõ cõprides*, Maia 1997: 220, *PO*, Oia, 1302; *aquele que me, milhor que a sy, quer*, Johan Mendiz de Briteiros, *LP*, I: 479; *que lles por min he mandada*, Ferro Couselo, *VFD*: 99, *OU*, Arquivo, 1365; *que grã pesar que eu ey se te algũu mao caualeyro ou porfioso ou cobardc ouver*, *MS*: 144; etc.). Determinados exemplos ao respecto que se caracterizan polo seu alto grao de artificiosidade, como os que citamos máis arriba procedentes da prosa notarial, levaron algúns investigadores a afirmaren que, malia aqueles seren certamente ocasionais, semellaba non haber limitacións gramaticais “relativamente ao número de constituíntes interpoláveis” (Martins 1994, I: 182).

2.2. Os séculos XVI-XVIII

Cómpre comezarmos a dicir, neste sentido, que nas escasas obras hoxe conservadas foron esquecidas polo sistema algunhas das tipoloxías que se recollen na etapa medieval nos séculos anteriores ao Rexurdimento consonte sucedeu con outros aspectos da gramática da lingua, noutrora xerais ao xenio do idioma e posibelmente tamén a toda a comunidade galegófona. Entre as especificidades que caeron desprazadas por outros usos é de destacar, primeiro, a perda de formas que atraen o pronome para a posición preverbal, e segundo, a tamén perda de elementos con capacidade para se colocaren entre o clítico e o núcleo por que fose rexido: palabras que lle esixían á forma pronominal ir precedendo o verbo desapareceron no paso do idioma antigo ao seu estadio medio (*macar, u quer que, pero* xustificando a posición preverbal da forma do pronome, *ca*, etc.), como de igual modo sufriron retroceso e posterior esquecemento formas que xa nunca máis, ou moi esporadicamente, se encontrarían interpostas entre a entidade pronominal e a verbal (participios de tempos compostos con *haber*, vocativos, etc.).

⁴ Incluímos o *non* dentro dos CC por criterios de coherencia interna coa clase adverbial, sen ignorarmos que a natureza desta forma en particular xustificaría que o susodito adverbio ficase á marxe de tal tipoloxización.

Mais a mudanza máis importante que podemos apreciar no emprego de secuencias intracausais con interpolación se compararmos o galego arcaico co medio é a acusada diminución de concorrencias morfolóxicas a ocuparen ese lugar, ao menos nos rexistros gráficos da lingua: entre o século XVI e o XVIII non se documentan estruturas tan complexas como as que se mostraron máis arriba nos textos das dúas marxes do Miño que empregamos neste estudo. Tal estado de cousas xa parece translucirse nos derradeiros anos da época medieval: o texto de *MS*, poñamos por caso, que foi escrito no primeiro tercio do XV⁵, preludia o devir posterior das construcións aquí tratadas, pois a maior rendibilidade destas no dito texto vén definida pola inserción predominante de unha ou dúas palabras, aínda que non se debe obviar que se trata dunha obra en prosa e que por isto, en xeral, posúe menos documentación ao respecto do que a lírica; á súa vez, en confronto con esta obra, o manuscrito de *CT*, datado no derradeiro cuartel do século XIV⁶, presenta unha exemplificación destes ordenamentos morfosintácticos cualitativamente máis complexa e máis abundante⁷.

Unha vez clarexada esta situación lingüística, principiamos a pescuda do fenómeno na Idade Moderna cos textos notariais redixidos no XVI. Neles predomina a interposición dun pronome tónico suxeito e a dun adverbio, formas que por veces se documentan xuntas:

1. (a) *como se non perçan*
(Ferro Couselo, *VFD*: 215; OU, Oseira, 1503)
- (b) *que le eu debía*
(Ferro Couselo, *VFD*: 225; OU, Celanova, 1519)
- (c) *que o ñõ possades fazer*
(Maia 1997: 244; PO, San Domingos, 1506)
- (d) *que bos nos así aforamos*
(Ferro Couselo, *VFD*: 232; OU, San Cloio, 1532)

Por outra banda, nos textos tabeliónicos fortemente españolizados ou case redixidos na lingua da Meseta, dados, na súa maioría, xa no século XVI e cunhas solucións inxustificábeis pola diacronía do galego (*dichas, les pongo, contyene*, etc.), pódense achar, con todo, mostras de linealidades en que se emprega, se non o recurso da interpolación, si estruturas intraclausais típicas xa naquela altura do noso idioma e deostadas polo seu irmán do centro da Península: *qual quier que las non quiser conprir* (Ferro Couselo, *VFD*: 595), OU, 1482; *y quél estaba prestes de le dar los dichos cinco ducados* (Ferro Couselo, *VFD*: 218), OU, San Cloio, 1510; *para la poñer en el dicho ynventario* (Ferro Couselo, *VFD*: 222), OU, Celanova, 1519.

⁵ Cfr. Pensado (1958: XV).

⁶ Cfr. Lorenzo (1985: 77).

⁷ Non obstante é necesario non esquecermos que a diferenza de tamaño entre as dúas composicións en prosa é grande, sendo o texto de *MS* moito menor do que o de *CT*.

As composicións en verso deste mesmo século que se conservan na actualidade, a maior parte delas anónimas, carecen de casos que se poidan traer a estas páxinas como proba do seu emprego: nin o *Soneto de Monterrei*, nin o *Pranto da Frouseira*, nin o *Saqueo de Cangas polos turcos*, nin aínda outros versos escritos nestes anos (véxase Freixeiro Mato, *SEI*: 15-24) posúen secuencias de formas en que estea un elemento a afastar o pronome preverbal do seu núcleo.

Deberemos agardar, pois, a seguinte centuria para podermos achar máis estruturacións desta índole. Así, nunha carta dirixida ao conde de Gondomar, datada no ano 1605, atopamos a secuencia *e senaon que llos naon presten* (Freixeiro Mato, *SEI*: 100), en que, como se pode observar, aparecen solucións fonolóxicas descoñecidas probabelmente pola fala habitual dos galegos e galegas da época⁸; o segundo e derradeiro caso que atopamos é o rexistrado nun verso de Gabriel Feixó de Araújo pertencente á *Contenda dos labradores de Caldelas*, obra escrita en 1671, en que se mal le *ós que o non la[...]ar* (Freixeiro Mato, *SEI*: 96)⁹. Os restantes textos que chegaron a nós caracterízanse, entre outras cousas, por careceren de análogas ou similares secuencias ás documentadas na correspondencia do nobre galego ou na *Contenda*.

Comentario á parte debe ter o texto da *História de Dom Servando* (Souto Cabo 1996), falso cronicón redixido entre 1625-1635 imitando canons gramaticais do idioma arcaico. A lingua da obra, con numerosas influencias do español, correspóndese coa das comarcas de Chantada, Coles e Ourense (Souto Cabo 1996: 386), e só nos proporciona unha única estrutura con interpolación: *funcãdo ella virgẽ biẽ como lo ante era*. Mais repárese en que se o que pretendía o autor era dotar a obra de aparencia antiga, tal intencionalidade, desde o noso punto de vista, non se conseguiu totalmente, entre outros motivos, por ignorar, tal vez por descoñecemento ou por falta de familiaridade cos textos galego-portugueses medievais, a alta proporción e tipoloxías con que se documentaban construcións como a única fornecida polo pseudocronicón no idioma da lírica galego-portuguesa.

En contraste coa nosa terra, Portugal desenvolve plenamente a súa expresión literaria, na cal é fácil acharmos exemplos de interpolacións, aínda que cunha frecuencia de aparecemento e recorrencia ben lonxe dos pretéritos metros trobadorescos. Deste xeito, en composicións dos séculos XVI-XVII redixidas en niveis máis próximos da oralidade do que dos padróns cultos lisboetas documéntanse ordes de elementos¹⁰ en que as formas interpostas

⁸ Estamos a nos referir aos insólitos ditongos nasais acabados en *-aon*, propios do portugués do sur e do centro. A explicación de por qué foi utilizado neses usos pode estar, segundo Pensado (1985: 17-22), en o autor adoptar a variedade meridional lusitana, idioma sen teitos lingüísticos alleos, para unha lingua desprestixiada e colonizada, a galega, cuxo referente gráfico máis inmediato xa non era o sistema de seu senón un imposto e foráneo, traído aquí por persoas e entidades administrativas que actuaron conscientemente no infeliz proceso de alienación do país.

⁹ Mais repárese en que este senlleiro exemplo aparece nunha pasaxe do texto que presenta problemas de lectura causados polo fragmento que falta, feito que o pode invalidar como mostra fiábel ao respecto.

¹⁰ Non achamos xustificación ningunha para lles non podermos aplicar aos exemplos portugueses o cualificativo

presentan maior variedade do que os escasos casos rexistrados no noso país, debido sen dúbida ás poucas mostras de literatura con que contamos:

2. (a) *Ó diabo que t'eu recomendo*
(Gil Vicente, TGV: 57)
- (b) *Cego seja quem m'isto faz*
(Gil Vicente, TGV: 80)
- (c) *Já o eu lá ouvi dizer*
(Gil Vicente, TGV: 128)
- (d) *Deve-te lá ir co'ela l como m'a mi vai*
(Gil Vicente, TGV: 250)

Aínda así, a pesar de o portugués posuír unha documentación máis rica por ser idioma vehicular de cultura, segue os parámetros de recursividade que se manifestan tamén no galego, isto é, nas construcións en que se altera a linealidade como no exemplario de (2) predominan como formas intercaladas os suxeitos e os adverbios, de xeito semellante ao que acontecía xa en obras compostas nos anos do outono medieval. Con todo, aparecen excepcións nesta tendencia maioritaria: nun documento notarial datado en 1540 pódese ler *de quem quer que lhe sobre elle e sobre as ditas casas e qualquer cousa delas algũ embargo ou empedymento puser* (Martins 1994, I: 181), construción xa ben insólita, pola súa complexidade, no territorio galego.

En coherencia con isto, a casuística máis rendíbel no período clásico da lingua da outra marxe do Miño nas estruturas con interpolación continua a ser o adverbio *não*, forma que comeza a ser a única posíbel a partir do século XVII: con anterioridade a esta centuria as obras de Damião de Góis (1502-1583), Mendes Pinto (1510-1583), Camões (1524/5-1580) ou Diogo do Couto (1542-1616), por exemplo, proporcionan casos en que se rexistran outras recorrencias, mentres que nos escritos de António Vieira (1608-1697), Verney (1713-1792), Almeida Garret (1799-1854) ou Alexandre Herculano (1810-1877) só se atesta a citada forma adverbial¹¹. Deste modo, nun clásico como Camões aparecen exemplos como *se me vós não dais a mão* (Camões, DC: 96), e, en contraste, nunha novela do XIX como *O Primo Bazílio*, de Eça de Queiroz, documéntase un cuantioso número de ordenamentos unicamente co susodito adverbio intercalado: *Desde que o não tem está mona que se vê* (Queiroz, PB: 95), *Eu espero que se não demore muito* (Queiroz, PB: 277), etc..

de 'galegos', pois por moita diferenciación lingüística que puidese haber en ambos os países, diferenciación por outra parte relativa, resulta difícil negar que, fóra da fonética ou da morfoloxía, a sintaxe era a mesma a ambas as marxes do río Miño, nomeadamente se a variedade lusitana que se trae a estas páxinas se corresponde con padróns máis propios da fala popular ou coloquial.

¹¹ Datos extraídos de Martins (1994, I: 566).

A maioritaria frecuencia deste adverbio negativo verifícase, posteriormente, referendada polos estudos gramaticais luso-brasileiros, que salientan, case sen excepción, a antecitada forma adverbial negativa como a única posíbel de se colocar entre o pronome clítico e o verbo. Deste xeito, Figueiredo (1928: 202), Cuesta / Luz (1971: 495), Teyssier (1989: 118) ou Cunha / Cintra (1992: 314) ponderan o uso de *não* nestas casuísticas, identificadas, principalmente, coa literatura. Outros investigadores, na liña dos anteriores, asocian a mesma forma igualmente á expresividade literaria, mais ora acrecentan que non se trata da única palabra susceptíbel de se dispor nesa orde, como fai Almeida (1994: 494), ora a restrinxen xeograficamente ao portugués europeo, segundo deducimos de Melo (1981: 142-143) ou Lobo (1991: 160-162).

Sexa como for, outros traballos portugueses da actualidade xa non recollen a posibilidade de interpor ningunha palabra entre o clítico e o verbo, feito que parece consumir a perda da súa rendibilidade: nin en Mateus / Brito / Duarte / Faria (1989: 330-333) nin en Vilela (1995: 165-166) vén reseña ningunha do fenómeno. Neste sentido aínda merece citarse o opinión de Ardisson / Duarte (1984: 480), as cales, partindo da sincronía hodierna, condenan como agramaticais, pola súa nula rendibilidade actual, as estruturas con interpolación, xa que no portugués dos nosos días nada pode “ocorrer entre o clítico e o verbo”.

Mais como contrapunto a estes pareceres debemos traer a estas páxinas a produtividade do recurso na oralidade lírica lusitana contemporánea, que, aínda sendo sabedores de esta se caracterizar, ao igual do que a galega ou a española, polo seu forte nivel de fixación morfosintáctica, condicionado frecuentemente polo ritmo dos versos, proporciona unha exemplificación relativamente abundante e variada das nosas estruturas: *quem to aqui agora trouxera* (RT, I: 199), *bons dias t’eu venho dare* (RT, I: 383), *Ai, Jesus, quem me lá dera* (Chaves 1939: 63), etc.

Durante o século XVIII, volvendo xa ao noso país, o número de textos en galego aumenta se o comparamos co das centurias precedentes. De aí que os casos das secuencias aquí estudadas experimenten un acrecentamento que, non obstante, cómpre comentar, pois indirectamente ofrece datos de interesantes interpretacións: certamente, aumenta o número de exemplos documentados, mais non na lírica de carácter ou procedencia culta, senón na literatura de natureza ou temática tradicional e nas cantigas populares e refráns que durante estes anos comezaban a ser obxecto de consideración erudita e de desigual compilación.

Ilustra esta nosa persoal impresión o cotexamento de ambas as manifestacións artísticas: non aparecen as coñecidas estruturas nos textos aquí utilizados da autoría dos irmáns Feijó Montenegro (Freixeiro Mato, SEI: 107-114), nin no de Nogueiro Camba (Freixeiro Mato, SEI: 115-116), nin nos de Cernadas y Castro¹², Isla y Losada ou Cornide Saavedra (Freixeiro

¹² Unicamente encontramos un caso de interpolación nunha poesía que glosa un cantar popular composta por Cernadas y Castro (Freixeiro Mato, SEI: 158-159), feito que nos impide considerármolo proveniente da expresividade literaria do cura de Fruíme e si do xenio do pobo. Así, a susodita poesía finda co verso *nunca che eu do allo fora*, que á súa vez procede da cantiga tradicional *Ai do Allo, ai do Allo / ai do Allo, ai da Cebola / ai do Allo, ai do Allo, / nunca che eu do Allo fora* (Blanco 1992, I: 120).

Mato, *SEI*: 147-180), nin aínda na panxoliña, de carácter popular, de Marcos Parcerio (Meijide Pardo 1982: 161-163); si se rexistran, pola contra, no *Coloquio* de Sarmiento (Sarmiento, *C*: 171), en cantares e proverbios tradicionais recollidos polo P. Sobreira (Pensado 1974: 262, 265; 1979: 465, 473) ou noutras compilacións máis recentes que tentan recoller a oralidade lírica daquela época, como a de Blanco (1992, I: 119-144).

Á vista dos exemplos de que dispomos énos posíbel ofrecer a seguinte relación das casuísticas morfolóxicas susceptíbeis de se colocaren quebrando a linealidade clítico-verbo, relación que loxicamente é parcial e que está subordinada á escaseza de obras en galego daqueles anos. Nesa posición podemos atopar:

A. Unha FN suxeito, sendo unha das tipoloxías máis documentadas de modo paralelo a como xa era na lingua medieval:

3. (a) *e iña m'hoxe a vella chora*
(Pensado 1979: 465)
- (b) *se me o bagullo fai mal*
(Blanco 1992, I: 137)

B. Unha FN a desempeñar a función de CD:

4. (a) *Descanto ha que che nabos acordo,*
nabizas comélas nunca chas vin
(Pensado 1974: 265)
- (b) *Se d'hum ha liteira*
partides por medio
á caixa á caron,
ou, que fai o mesmo,
lla tampa rapàdes
(Sarmiento, *C*: 171)

C. Un adverbio:

5. (a) *quen nos mal quer queridiña,*
quen nos mal quer que revente
(Pensado 1974: 262)
- (b) *Porque te non coces, Berza?*
Porque non teño quen me remexa
(Pensado 1979: 473)

D. Máis dun elemento inserido:

6. *nunca che eu do Allo fora*
(Blanco 1992, I: 120)

O que resulta chamativo, confrontando a casuística medieval coa da Idade Moderna, non é a diminución da variedade tipolóxica capaz de se colocar entre o pronome e o verbo, senón a frecuente utilización do recurso polos autores antigos. O cambio que se manifesta dunha cronoloxía a outra debeu ser común tanto ao norte do río Miño como ao sur, a vulgar polos textos portugueses empregados aquí, pois se o fenómeno estivese tan vivo como en tempos pretéritos posuiría unha documentación máis abundante da que ten nas obras lusitanas dos séculos XVI-XVII. Mais a interpolación, cos datos con que contamos, parece comezar na época tardomedieval o seu progresivo esmorecemento, que atinxe mesmo a actualidade, caracterizándoa por unha irregular e a cada paso menor frecuencia de uso.

Non obstante, cómpre preguntármonos se a relativa sistematicidade con que aparece nos textos do Medievo, tal e como sinalabamos máis arriba, non obedecería a unha utilización rendíbel en tanto que propia da expresión escrita, e se o seu correlato no nivel oral non estaría máis próximo da praxe con que se documenta no período que se vén de estudar. Os desiguais niveis de proporcionalidade que presenta nos textos arcaicos, a súa maior ou menor frecuencia en virtude da tipoloxía da obra en que aparece ou, tamén, a recorrencia e éxito de diversas e excesivamente complicadas construcións rexistradas semellan fortalecer esta hipótese. A eiva argumental con que se pode rebater, obviamente, reside en que todos os exemplos antigos que tentamos apuntar como indicadores deste ou daqueloutro postulado proceden sempre da expresión escrita, único mais inexacto medio de nos achegarmos á lingua arcaica.

No renacemento da expresión artística en galego que comezou no século XIX continuamos a achar clíticos preverbais separados do verbo nos textos datados nesta época. Este Rexurdimento da literatura do país, coa produción dun bo número de obras principalmente líricas, posibilita termos un exemplario máis variado do que na etapa anterior. Os casos encontrados en obras literarias, á súa vez, ven acrecentado o seu cómputo gracias tamén á preocupación dalgúns estudiosos pola poesía tradicional, cuxa compilación, iniciada no século precedente, se vai consolidando neste período dada a natural riqueza e diversidade do noso cancionero anónimo.

Así, durante todo o século XIX acharemos construcións que proveñen quer da literatura culta, quer da popular, mais a súa constatación e pesquisa xa non se axustan aos obxectivos deste breve estudio: *Eu cando me estóutor día vin* (CAL: 29), *E que nunca a chorar ouzan* (Pintos, AGG: 165), *¡Ay, cando veña tua nay! / ¡Ay cando ch'á tua nay veña!* (Rosalía, CG: 106), *d' onde ll' os xudeus puxaban* (Blanco 1992, I: 424), *porque se m' a filla matas* (Ballesteros, CPG, III: 265), *mália-ô pai que m' a filla non daba* (Ballesteros, CPG, III: 200), *pequeniño así o eu quero* (Blanco 1992, II: 152), *A miña vida / ch' eu quero dar* (Blanco 1992, II: 250), *Casi que, n' é mentira an-qu' a pareza / Ll' a un pesa d' o ser tanto* (Rosalía, FN: 11), *-Pois sube abrangelas se che gusto dan* (Pondal, PGC, I: 81), etc.

3. AS CAUSAS DO ESMORECEMENTO

Os motivos da merma de recursividade que padece a estrutura que nos ocupa desde hai xa centos de anos son, segundo o noso parecer, atribuíbeis a varios feitos intimamente vinculados entre si. Estas causas ben se poden reducir a factores internos e a externos ao xenio da lingua.

3.1. Factores internos

Dentro das causas intrínsecas do galego, cómpre, en primeiro lugar, salientarmos que a rendibilidade da posición preverbal do pronome átono non se constituíu na secuencia de formas marcada no interior do sistema, senón que o é a colocación enclítica desa mesma partícula ao predicado da cláusula; en consecuencia, extraemos disto que a linealidade que se trata nestas páxinas está dobremente marcada pola circunstancia que se vén de expor e por se corresponder, desde o punto de vista dos seus constituíntes, con outro ordenamento en que se non dá o afastamento do clítico anteposto orixinado pola intercalación dunha palabra tónica que actúe de fendedura entre ambos os elementos.

En segundo lugar, segundo se deduce doadamente da situación reseñada no anterior parágrafo, é preciso termos presente que é unha orde de carácter facultativo¹³ en virtude da vontade expresiva do falante ou do autor e non unha prescritiva regra de disposición de formas. A galegofonía decantouse por unha das posibilidades de emprego en menoscabo da outra, que ficou marxinalizada e cun uso restrinxido dentro da lingua; preferiuse que o morfema pronominal do verbo se colocase inmediatamente antes del nos contextos en que, quer por xustificación sintáctica, quer por lexitimación informativa, tiña de se dipor precedéndoo.

Por último, citamos outro posíbel motivo que puido coaduxar no desaparecemento progresivo destas linealidades, como é o feito de algunhas das casuísticas tipolóxicas estaren formadas por certas sucesións de elementos que resultaban difíciles ou, cando menos, complicadas de se pronunciaren correctamente: *xa a eu vin*, *xa o eu cantei* vs. *xa a vin eu*, *eu vina xa*, etc. A partir de aquí as forzas analóxicas comezarían a actuar noutras estruturas desta natureza, estendéndose a solución ao problema, solución, por outra parte, que se achaba dentro da norma sintáctica da lingua e que alterna o seu rendemento ao lado da outra, entre

¹³ Cfr. ILG (1995, II: 218-219): documéntanse *Eu lle non podo* xunto a *Eu non lle podo*, e por iso che *eu digo* ao lado de *por iso che digo eu*, *por iso eu dígoche*, *por iso eu che digo* e *por iso dígoche eu*. De máis marcado carácter facultativo son as estruturas desta natureza en que a partícula que explica a próclise da forma pronominal átona responde a unha tipoloxía de nexo prepositivo: *por te non ver* (Blanco 1992, I: 373) ~ *por non te ver* ~ *por non verte*.

aqueles ordenamentos que non presentaban conflito na realización fonética: *xa cho eu digo* > *xa cho digo eu*¹⁴.

3.2. Factores externos

As causas exteriores ao xenio da lingua galega que posibelmente actuaron na marxinalización progresiva da interpolación radican na presión lingüística sufrida polo noso idioma, e non só, nos séculos anteriores, e aínda no presente, que ten como único e poderoso protagonista o español, idioma que se caracteriza pola carencia destas linealidades de palabras: preguntémonos de ónde proceden perigosas expresións lingüísticas contemporáneas do tipo **Me dixó*, **O collo eu*, **Che pido*, etc., e teremos resposta unívoca e certa nos parámetros que rexen a posición do clítico na lingua da Meseta.

Ora ben, maticemos tal parecer axudados pola particular diacronía dese idioma. En estadios pretéritos de varias linguas e dialectos provenientes do latín é posíbel documentarmos exemplos de interpolación pronominal, nalgúns casos moi esporadicamente, como o italiano¹⁵, noutros¹⁶ convivindo dentro da norma xunto a homólogas estruturas en que se non emprega o recurso. O castelán foi outro dos sistemas lingüísticos que coñeceu exemplos de pronomes átonos preverbais separados do verbo por medio dun elemento así disposto. Tal modalidade de interposicións, segundo Sánchez Lancis (1993: 326), comeza no século XII e desenvólvese nos dous seguintes para desaparecer a partir do XV¹⁷. Na opinión de Chenery (Ramsden 1963: 139) o fenómeno tivo a súa orixe nos dialectos do oeste da

¹⁴ Cfr. a opinión de Almeida (1994: 495): “Não se esqueça o aluno disto: A *eufonia* é o primeiro fator que regula a posição do oblíquo”.

¹⁵ Ramsden (1964) afirma que encontrou catro casos no italiano, dos cales un exemplo é *ke ce non abbi quella dilectione*. Mais Tekavčić (1980, II: 195), á súa vez, xulga que os pronomes átonos “stanno immediatamente accanto al verbo”, negando así a posibilidade de intercalación de calquera palabra entre o clítico preverbal e o seu núcleo.

¹⁶ O francés tivo unha produtiva utilización do fenómeno segundo deducimos de Kok (1985: 339): *tu nes pas saige de me ainsi reproucher, gardez vus de le trop abirer* (tirados de Kok 1985: 339); a partir do século XVII, non obstante, estas construcións comezan a sentirse como arcaísmos, aínda que poidan chegar mesmo á época actual: no páxina V do prólogo do *Dictionnaire d'ancien français* de Larousse do ano 1947 pode lerse a explícita declaración dos autores *de la mieux cherir et de la mieux honorer* [*la = la langue*] (Kok 1985: 339).

Outra das linguas en que se poden rexistrar casos de interpolación é o astur-leonés medieval. Unha mostra posíbel ben pode ser a seguinte, proveniente dun texto notarial ovetense de finais do século XIII: *de que nos dios garde* (Cano González 1996: 21).

¹⁷ Aínda nunha colección anónima de cantares populares casteláns datada no XV aparece o fenómeno aquí estudiado: na compilación de cantigas tradicionais do noso país elaborada por Pérez Ballesteros nos derradeiros anos do século pasado atopamos un interesante comentario explicativo a rodapé referido á secuencia *que me non podías ver*. A nota en cuestión di o seguinte: “*Me non*: trasposición muy común en gallego, y de la cual hay ejemplos en el *Cancionero* inédito castellano del siglo XV, perteneciente á la biblioteca de S. M. D. Alfonso XII, y que el anotador Gómez Nieva creyó infundadamente erratas del original” (Ballesteros, *CPG*, III: 2).

Península e foi levado a Castela polo rei Alfonso X e os seus descendentes. Este tipo de disposición dos elementos da cláusula sufriría posteriormente, xa nas terras da meseta, restricións de uso debido ao maioritario carácter preverbal do clítico na lingua que alí se falaba. Mais Sánchez Lancis (1993: 330) xulga que, debido á temperá idade en que se comeza a rexistrar o fenómeno e sen negar a influencia do sistema occidental, se trata dunha construción de “origen autóctono”, cuxo declive se explica por o español non “sustituir al orden clítico-verbo, ya que se presentaba en muchos casos como una variante estilística”. Algunhas mostras tiradas da sincronía medieval castelá son *¿por qué me non recudes?*¹⁸, *en esta heredad que vos yo he ganada*¹⁹, *si nos çercar vienen*²⁰, etc.

Por outra banda, de xeito paralelo ao que acontece no galego, os casos de interpolacións máis documentados son aqueles en que se intercala o adverbio *no(n)* ou un pronome suxeito (Ramsden 1963: 136), os cales desaparecerían, xunto coas demais tipoloxías²¹, tanto da lingua oral como da lingua escrita, de feito que hoxe non é posíbel acharmos tales construcións en calquera dos infinitos textos que se poden producir nesa lingua.

No momento en que comeza a colonización do noso país por parte de axentes foráneos tamén ten inicio o consecuente conflito lingüístico²², en que a lingua sometida vai ser o galego. O idioma que se trae a estas latitudes e con que se acomete ese infeliz proceso non é outro do que o español, que, guiándonos polo xa comentado parecer de Sánchez Lancis (1993: 330), esquecera os ordenamentos obxecto destas páxinas. De aí que non fiquemos moi fóra da lóxica pensarmos, ao menos, que unha boa parte da responsabilidade no esvaecemento parcial da interpolación sexa atribuíbel ao castelán; se o español perpetuase ata a actualidade estas construcións, ¿serían tan deostadas no galego como se pode comprobar se compararmos os textos medievais cos do Rexurdimento?

Como contraargumento a esta hipótese contamos, non obstante, coas diacronías doutros descendentes do latín, en que o exame da evolución lingüística reprobuo igualmente, desde un punto de vista actual, as coñecidas ordes de palabras. Así, por exemplo, o francés, o italiano, etc., non superaron a longa proba da variabilidade diacrónica, sen que teñamos noticia

¹⁸ Exemplo do castelán medieval tirado de Ramsden (1963: 136).

¹⁹ Extraído de Sánchez Lancis (1993: 326).

²⁰ Tomado de Ramsden (1963: 137).

²¹ A rendibilidade dos elementos inseridos non se reduce unicamente ás dúas morfoloxías predominantes, isto é, *no(n)* ou un pronome persoal a actuar coa función de suxeito, pois aparecen igualmente diversos elementos interpostos, como pode ser calquera outro adverbio, un infinitivo, un pronome de natureza distinta da dos persoais, un substantivo ou máis dunha palabra intercalada nesa secuencia (Sánchez Lancis 1993: 326-327). Riiho (1994: 243) salienta tamén a posibilidade de se introducir un complemento pronominal tónico rexido por preposición, aínda que o documento cunha moi baixa frecuencia (un só caso no texto castelán que manexou) e malia o considerar “giro típico del gallego-portugués”.

²² Para un estudio desta situación histórico-lingüística, véxase Freixeiro Mato (1998: 42-81) e Mariño Paz (1998: 179-329).

ningunha, alén do caso astur-leonés, de estaren nunhas condicións tan desfavorábeis como secularmente estivo o galego.

Mais, xa para findarmos estas páxinas, en contraste con estas catro causas que non pretenden máis que faceren un achegamento ás orixes da perda de produtividade da interpolación, contamos cun testemuño que, aínda que fóra dos límites cronolóxicos dos nosos textos, parece contradicir o proceso de esmorecemento do fenómeno ou semella ser indicio de que non estaba nun estadio de desaparición tan acusado. Así, é preciso citarmos que en pleno Rexurdimento Pérez Ballesteros, no seu *Cancionero popular gallego*, non ten dúbidas en apuntar, nunhas desiguais notas valorativas a rodapé que remiten aos metros populares, que o emprego da coñecida estrutura se corresponde cunha orde *frecuente en gallego* (CPG, III: 12, 163), *muy frecuente* (CPG, II: 9), *notable* (CPG, III: 30), *propia* (CPG, III: 125), *característica* (CPG, II: 116) ou incluso *muy común* (CPG, III: 2), malia non sabermos con absoluta certeza se se está a referir á lingua dos versos tradicionais²³ ou ao idioma no seu conxunto. Algúns anos máis tarde, o artesanal traballo de Santiago y Gómez (1919), plaxiando algunhas das anotacións de Pérez Ballesteros, ponderará novamente a vitalidade do fenómeno ao identificalo con “trasposiciones muy frecuentes”.

DESENVOLVEMENTO DAS ABREVIATURAS EMPREGADAS NOS TEXTOS LITERARIOS

Alfonso X, CSM = Mettmann, Walter (ed.) (1981): Afonso X, o sabio, *Cantigas de Santa Maria*, dous tomos (Vigo: Xerais).

Ballesteros, CPG = Pérez Ballesteros, José (1979): [reproducción facsimilar da edición de 1885-1886] *Cancionero popular gallego*, tres tomos (Madrid: Akal).

CAL = Anónimo, *Carta a un liberal*, en Cátedra de Lingüística e Literatura Galega / Universidade de Santiago (eds.) (1976): *Prosa galega*, tres tomos (Vigo: Galaxia).

Camões, DC = Ferreiro, Manuel / Martínez Pereiro, Carlos Paulo / Salinas Portugal, Francisco (eds.) (1994): Luís de Camões, *Doce Canto em Terra Alheia? (Antologia da Lírica Camoniana)* (Santiago: Laivento).

²³ Un dato que parece avalar a rendibilidade do fenómeno no século pasado é o seu testemuño nas *contra natura* poesías tradicionais cantadas en español no noso país: *Adiós no te lo digo / por te no dar sentimiento* (Saco Cid 1987: 173). Se o recurso estivese nun avanzado estadio de desaparición aparecen serias dificultades para explicar que se documente en híbridos e anónimos versos populares, pois a lingua con que se mestura a nosa tiña moi esquecidos os ordenamentos análogos desde fins da Idade Media. Aínda así, cómpre apuntar que se trata do único caso desta índole que achamos e que, por isto, non nos ofrece a suficiente autoridade como para o tornarmos fiel argumentación ao respecto.

- CT = Lorenzo, Ramón (ed.) (1985): *Crónica troiana* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Ferro Couselo, VFD = Ferro Couselo, Xesús (1995): [reproducción facsimilar da edición de 1967] *A vida e a fala dos devanceiros* (Vigo: Fundación Penzol / Galaxia).
- Freixeiro Mato, SEI = Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.) (1996): *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía, n' A nosa literatura*. Volume 7 (Vigo: A Nosa Terra).
- Gil Vicente, TGV = Saraiva, António José (ed.), s.d. *Teatro de Gil Vicente* (Lisboa: Portugália Editora).
- LP = Brea, Mercedes (coorda.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, dous tomos (Santiago: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro" / Xunta de Galicia).
- MS = Pensado, José Luís (ed.) (1958): *Mirages de Santiago*, Anejo LXVIII da *Revista de Filología Española* (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Otero Pedrayo, D = Otero Pedrayo, Ramón (1935): *Devalar* (Santiago: Nós).
- Pintos, AGG = Pintos, Xoán Manuel (1981): [reproducción facsimilar da edición de 1853] *A gaita gallega* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Pondal, PGC, I = Ferreiro, Manuel (ed.) (1995): Eduardo Pondal, *Poesía galega completa, I. Queixumes dos pinos* (Santiago: Sotelo Blanco).
- Queiroz, PB = Queiroz, Eça de, s. d. [1878] *O primo Bazílio* (Lisboa: Livros do Brasil).
- Rosalía, FN = Castro, Rosalía de (1982): [reproducción facsimilar da edición de 1880] *Follas Novas* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro / Real Academia Galega).
- Rosalía, CG = Pociña, Andrés / López, Aurora (eds.) (1993): [1992] Rosalía de Castro, *Poesía Galega Completa, I. Cantares gallegos* (Santiago: Sotelo Blanco).
- RT = Fontes, Manuel da Costa (ed.) (1987): *Romanceiro da Provincia de Trás-os-Montes (Distrito de Bragança)* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Sarmiento, C = Mariño Paz, Ramón (ed.) (1995): Fr. Martín Sarmiento, *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* (Santiago: Consello da Cultura Galega).

DESENVOLVEMENTO DAS ABREVIATURAS XEOGRÁFICAS

- CO, Santiago = documento do Arquivo do Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.
- MA, Vairão = texto do convento de Vairão en Maia, na provincia portuguesa do Douro Litoral.
- LU = escrito do Arquivo da Catedral de Lugo.

OU = documento proveniente do Concello de Ourense.

OU, Arquivo = texto procedente do Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

OU, Celanova = escrito do mosteiro de Celanova na provincia de Ourense.

OU, San Cloio = escrito do mosteiro de San Cloio do Ribeiro de Avia na provincia de Ourense.

OU, Oseira = documento procedente do mosteiro de Oseira na provincia de Ourense.

PO, Oia = documento do mosteiro pontevedrés de Oia.

PO, San Domingos = texto proveniente do convento de San Domingos na cidade de Pontevedra.

BIBLIOGRAFÍA

- Almeida, Napoleão Mendes de (1994): [1911] *Gramática Metódica da Língua Portuguesa* (São Paulo: Editora Saraiva).
- Álvarez Blanco, R. / Regueira Fernández, X. L. / Monteagudo Romero, H. (1993): [1986] *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).
- Blanco, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia. 1745-1885*, dous tomos (Vigo: Xerais).
- Cano González, Ana María (1996): “La llingua de les Ordenances del Conceyu d’Uviéu”, en *Ordenances del Conceyu d’Uviéu. Facsímil de los Manuscritos del sieglo XIII del Archivu Municipal de la Ciudá d’Uviéu*: 13-32 (Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana).
- Carré Alvarellos, Leandro (1973): *El idioma gallego en la Edad Media* (Vigo: Artes gráficas Galicia).
- Chaves, Luís (1939): “Páginas folclóricas”, *Revista Lusitana*, 37: 32-100.
- Cunha, Celso / Cintra, Luís Filipe Lindley (1992): [1984] *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (Lisboa: Sá da Costa).
- Cuesta, Pilar Vázquez / Luz, Maria Albertina Mendes da (1971): [1949] *Gramática Portuguesa* (Lisboa: Edições 70).
- Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago: Laiovento).
- Figueiredo, Cândido de (1928): *O Problema da colocação dos pronomes*. Lisboa: Livraria Clássica Editora.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998): [1997] *Lingua galega: normalidade e conflito* (Santiago: Laiovento).
- I[nstituto da] L[ingua] G[alega] (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II. Morfoloxía non verbal* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

- Kok, Ans de (1985): *La place du pronom personnel régime conjoint en français. Un étude diachronique*. Amsterdam: Rodopi.
- Lobo, Tânia (1991): “Observações sobre a Síncrise Pronominal no Século XV e nas Variantes Européia e Brasileira do Português Contemporâneo”, em Direcção da Associação Portuguesa de Linguística (org.): *Actas do VI Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*: 155-175 (Lisboa: Colibri-Artes Gráficas).
- Lorenzo, Ramón (1985): “Introducción”, em Ramón Lorenzo (ed.): *Crónica troiana*: 5-211 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Maia, Clarinda de Azevedo (1997) [1986]: *História do Galego-Português. Estado Linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica).
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago: Sotelo Blanco).
- Martins, Ana Maria (1994): *Clíticos na História do Português*. Tese de Doutoramento, dois tomos (inérita). Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa.
- Mateus, Maria Helena Mira / Brito, Ana María / Duarte, Inês / Faria, Isabel Hub (1992) [1982]: *Gramática da língua portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Matos, Gabriela Ardisson / Duarte, Inês Silva (1984): “Clíticos e sujeito nulo no português: contribuições para uma teoria de *pro*”, *Boletim de Filologia*, XXIX: 479-538.
- Meijide Pardo, Antonio (1982): *Escritos e autores na Galicia da Ilustación* (A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”).
- Melo, Gladstone Chaves de (1981): [1945] *A Língua do Brasil* (Rio de Janeiro: Padrão).
- Melo, Gladstone Chaves de (1985): “A reintegração linguística galego-portuguesa”, em *Temas de O Ensino*, nº 4 / 5 (Braga: Barbosa & Xavier).
- Ogando, Victoria (1980): “A colocación do pronome átono en relación co verbo no galego-português medieval”, *Verba*, 7: 251-282.
- Pensado, José Luis (1958): “Estudio preliminar”, em José Luís Pensado (ed.): *Miragres de Santiago*, Anejo LXVIII da *Revista de Filología Española*: VI-CLX (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Pensado, José Luis (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII* (Vigo: Fundación Penzol / Galaxia).
- Pensado, José Luis (ed.) (1979): Fr. J. Sobreira, *Papeletas de un Diccionario Gallego* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”).
- Pensado, José Luis (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Pombinho Júnior, J. A. (1939): “Retalhos de um vocabulário”, *Revista Lusitana*, 37: 153-270.
- Ramsden, H (1963): *Weak-pronoun position in the early romance languages* (Manchester: University Press).

- Riiho, Timo (1994): “Sobre la yustaposición de los pronombres personales tónico y átono en el gallego-portugués antiguo”, en R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIXº Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, 6: 239-245 (A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”).
- Saco Cid, Juan Luis (ed.) (1987): [1910] *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce (Ourense: Diputación Provincial).
- Sánchez Lancis, Carlos (1993): “La interpolación de complementos entre el pronombre personal átono y el verbo en el español medieval”, en G. Hilty (ed.): *Actes du XXe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, III: 321-331 (Tübingen / Francke: Bassel).
- Santiago y Gómez, José (1919): *Filología de la lengua gallega* (Santiago: Tipografía de El Eco Franciscano).
- Souto Cabo, José António (1996): *História de Dom Servando. Edição do Manuscrito e Estudo*. Tese de Doutoramento (inédita). Departamento de Filologia Galega. Faculdade de Filologia, Universidade de Santiago.
- Tekavčić, Pavao (1980): *Grammatica storica dell'italiano. II. Morfosintassi* (Bologna: Società Editrice Il Mulino).
- Teyssier, Paul (1989): *Manual de Língua Portuguesa (Portugal-Brasil)* (Coimbra: Coimbra Editora).
- Vilela, Mário (1995): *Gramática da Língua Portuguesa*. Coimbra: Livraria Almedina.